

Realiza as tarefas sobre o texto que aparecen a continuación, de Ánxel Fole, “O retrato”

Foi na feira de Rubián. Daquela dedicábame a mercar e vender gando. Era polo mes de xaneiro. Xa pasaran os Reis.

Xantara con outros tratantes de gando na casa do Tumbarón. Eramos catro: o Chinchas, Pelandrusco, o Fogueteiro e eu. Come que come, bebe que bebe, xoga que xoga... O Pelandrusco foi deixándonos sen cartos un tras outro.

Esqueceume dicir que xogabamos nun cuarto piso. Xa venderamos todo o gando. Pechamos a porta tras nós; e xa comprenderán por que: onde hai cartos hai que ter moito coidado. O caso é que había alí un home...

Non sei que cousa de raro lle atopaba á súa vestimenta. Dende logo, non era do noso tempo. Debía de ter uns sesenta anos. E parecía home de carreira. Coma todos nós, estaba con cartas na man. Non falaba. Dábame medo... E moito máis me deu...

Xogabamos ao tute. O Chinchas remataba de cantar as corenta berrando moi forte. Eu erguín a testa para fitar aquel home e... Xa non estaba alí! Ollei para un lado e para o outro. Nada. Nin que o levase o demo. Abofé que non me sentía ben. Pedínlles aos meus compañeiros que deixasen de xogar:

—Non vistes un home de chaqueta negra que estaba xogando cara a min? Hai un intre desapareceu e eu non sentín abrir a porta. Quen o viu marchar?

Ninguén o vira, ninguén reparara nel. Puxéronse todos a contar os cartos. Parecía que non faltaba nada.

Erguinme. A xanela e a porta estaban pechadas. Non entendía aquilo. Mais cando dei a volta para me volver sentar, ollei para un gran retrato de marco dourado que estaba na parede, á esquerda da xanela. Era igualiño! Sentín unha friaxe no espiñazo.

Baixei á taberna a buscar a Tumbarón. Sentados a unha mesa, conteille o que me pasara. El escoitaba sen perder fala. Cando acabei aínda tardou en responder.

—O home do cadro —dixo— morreu hai máis de vinte anos.

Estarrecín. El seguiu falando:

—Era don Venancio, o médico. Salvoume de morrer no tempo da gripe, pero non puido salvar a súa muller nin as súas tres fillas. Don Venancio cambiou de todo. Meteuse na bebida e xogaba todo o que tiña. Morreu na pobreza. Os seus herdeiros tiveron que vender os mobles para pagar as débedas. Eu mercara algún moble e tamén o retrato. Tíveno sempre no cuarto de matrimonio, mais houbo que sacalo de alí.

O Tumbarón achegouse a min. Botándome o alento na orella, díxome con voz baixiña:

—Sabes? A miña muller tamén o viu...

- 1) Que tipo de narrador é o que relata a historia do conto que acabas de ler? Xustifica a túa resposta e exemplifícao con algunha oración do texto.**
- 2) Cantos personaxes aparecen nesta historia? Cales serían principais e cales secundarios?**
- 3) En que espazo ou espazos se desenvolve a historia do conto?**
- 4) Que referencias ao tempo externo da historia podemos atopar no texto?**
- 5) Como se describe a don Venancio no conto?**
- 6) Indica cal é a estrutura deste conto.**
- 7) Fai un resumo do texto (aproximadamente 5 liñas).**